

ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO

MINIMOS EXIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN PDC

Mínimos exixibles para unha avaliación positiva no primeiro curso de PDC

- Coñecer as características do método científico
- Resolver problemas de números positivos e negativos
- Identificar as principais estruturas celulares (membrana, citoplasma, núcleo, orgánulos) e asocialas coa súa función principal
- Distinguir entre mestura, disolución, substancia simple e composto.
- Interpretar potencias de expoñente enteiro e operar con elas.
- Realizar operacións con números fraccionarios incluída a potenciación de expoñente enteiro.
- Calcular a raíz enésima ($n = 1, 2, 3, 4, \dots$) dun número enteiro ou fraccionario a partir da definición.
- Describir as propiedades dos estados sólido, líquido e gasoso.
- Explicar, coa axuda da teoría cinética o comportamento dos gases, así como a relación entre presión, volume e temperatura.
- Saber diferenciar entre alimentación e nutrición.
- Utilizar a notación científica para expresar números grandes ou pequenos.
- Utilizar os números racionais, as súas operacións e propiedades, para recoller, transformar e intercambiar informacións e resolver problemas relacionados coa vida diaria, cos ámbitos social e científico e co mundo físico.
- Saber explicar en que consiste o proceso da dixestión diferenciando os procesos físicos e químicos.
- Comprender a función do aparato dixestivo e recoñecer as súas partes.
- Saber explicar para que serve o aparato respiratorio.
- Recoñecer e comprender a función dos distintos órganos do aparato respiratorio.
- Resolver problemas de proporcionalidade directa polo método de redución á unidade e coa regra de tres.
- Resolver problemas de proporcionalidade inversa polo método de redución á unidade e coa regra de tres.
- Resolver problemas de porcentaxes.
- Coñecer as aplicacións dos isótopos radioactivos e as repercusións da radioactividade nos seres vivos e no medio.
- Calcular as partículas compoñentes de átomos, ións e isótopos.

- Manexar a táboa periódica, coñecendo, a grandes resgos, cómo está ordenados os elementos.
- Diferenciar entre elemento, átomo, molécula e cristal.
- Comprender cal é a función e anatomía do aparato circulatorio.
- Comprender a función do aparato excretor e identificar as súas partes.
- Transformar á linguaxe alxébrica expresións en linguaxe verbal.
- Calcular o valor numérico de expresións alxébricas.
- Substituír os datos dun problema de química ou física nunha fórmula e calcular o resultado.
- Comprender a grandes resgos como funciona o sistema nervioso mediante a utilización dun esquema que comprenda un estímulo, receptores, nervios sensitivos, sistema nervioso central, nervios motores e efectores (músculos ou glándulas).
- Explicar o papel que desempeñan os órganos dos sentidos.
- Coñecer os efectos que producen as drogas cerebro, os riscos da drogadicción e as medidas para previla.
- Diferenciar entre cambio físico e cambio químico.
- Resolver ecuacións de primeiro grao con denominadores e con parénteses.
- Resolver ecuacións de segundo grao completas e incompletas
- Resolver un sistema de ecuacións lineais con dúas incógnitas utilizando un dos tres métodos alxébricos.
- Construír a táboa de valores e representar unha recta.

Mínimos exixibles para unha avaliación positiva no segundo curso de PDC

- Identificar os órganos do aparato reprodutor feminino e masculino.
- Coñecer os métodos anticonceptivos máis usados, coas súas vantaxes e os seus inconvenientes.
- Resolver cambios de unidades e expresar os resultados en unidades do SI.
- Saber identificar os movementos segundo as súas características.
- Realizar operacións combinadas con números enteiros.
- Realizar operacións con fraccións.
- Realizar operacións e simplificacións con potencias de expoñente enteiro.
- Resolver problemas nos que deba utilizar números enteiros e fraccionarios.
- Definir o concepto de forza.
- Identificar o papel das forzas como causa dos cambios de movemento e das deformacións dos corpos.

- Identificar os compoñentes do núcleo da célula.
- Comprender en que consiste a división celular por mitose e a división celular por meiose e as diferenzas que hai entre ambas.
- Aplicar o principio de Arquímedes na resolución de exercicios.
- Discutir a posibilidade de que un corpo flote ou afunda ao submerxilo noutro.
- Enunciar o principio de Pascal e explicar as súas aplicacións.
- Resolver alxebricamente ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de ecuacións lineais.
- Resolver graficamente ecuacións de primeiro grao e sistemas de ecuacións lineais.
- Coñecer algúns conceptos básicos de xenética.
- Comprender que é unha mutación e as consecuencias que pode ter.
- Recoñecer a enerxía como unha propiedade dos corpos, capaz de producir transformacións.
- Analizar os problemas asociados coa obtención e uso da enerxía.
- Interpretar nunha gráfica as principais características dunha función
- Identificar funcións cadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais a partir da expresión analítica ou da gráfica.
- Recoñecer as distintas probas da evolución
- Comprender e comparar as tres teorías da evolución (lamarckismo, darwinismo e teoría sintética)
- Resolver problemas de operacións con sucesos e a súa probabilidade aplicando as propiedades da probabilidade.
- Calcula lonxitudes nun triángulo rectángulo aplicando o teorema de Pitágoras.
- Calcula a áreas e perímetros dun polígono.
- Resolver problemas estatísticos sinxelos e tomar decisións coa análise dos parámetros obtidos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN PDC

- Haberá tamén un mínimo de tres probas escritas por avaliación. A cualificación da avaliación corresponderase coa media ponderada seguinte: 70% da media de exames escritos e 20% de traballo de aula e 10% do traballo de laboratorio e investigación.
- Haberá unha proba escrita de recuperación para aqueles alumnos que non teñan superada a avaliación. Para o alumnado que tivera aprobado algún exame escrito e non conseguira superar a avaliación, a proba de recuperación versará unicamente sobre a materia non superada na avaliación.

- Para superar o curso os alumnos deberán ter aprobadas as tres avaliacións.
- Ao final de curso haberá unha proba final para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación sen recuperar, na que terán que superar a avaliación ou avaliacións pendentes. Os que finalmente non superen a avaliación ordinaria de xuño deberán acudir á convocatoria extraordinaria de setembro. O exame de setembro será único e de toda a materia, independentemente de que algún alumno tivera algunha avaliación aprobada durante o curso.

RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES EN PDC

A avaliación das materias pendentes é responsabilidade do profesor do Ámbito, coa colaboración dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía e de Matemáticas.

O plan de traballo para adquirir o coñecemento dos contidos consistirá na realización das actividades propostas do libro de texto e de outras complementarias suxeridas e programadas polo profesor do ámbito. Esas actividades deberán ser entregadas nos prazos que se establezan.

A materia será repartida en dúas partes que serán avaliadas en sendas probas parciais de carácter eliminatorio, isto é, a superación dalgunha delas implica que esa parte da materia está aprobada. Considerarase que a materia está superada se a cualificación da proba é un 4,5 ou superior. Ademais haberá unha proba final e global, no mes de maio, para aquel alumnado que non superada ningunha das probas obxectivas parciais. No caso de que un alumno teña unha proba parcial non superada examínase no mes de maio unicamente da parte pendente de superación.

A cualificación será a media ponderada seguinte: 20% da cualificación dos problemas e exercicios e o 80% da cualificación das probas escritas.